

# **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DELEGADA DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS DO MUNICIPIO DO BARCO DE VALDEORRAS**

### **(TEXTO CONSOLIDADO)**

Mediante acordo do 29 de marzo de 2016, a asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación delegada do servizo de rede de sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras.

Unha vez sometida a información pública a dita modificación, mediante anuncio inserido no BOP n.º 8, do 8 de abril, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha reclamación ou suxestión contra a dita modificación, polo que queda aprobada definitivamente. Publícase a continuación o texto consolidado da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación delegada do servizo de rede de sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras, tras a modificación proposta.

#### **Artigo 1. Fundamento legal**

Esta ordenanza fiscal apróbase no exercicio das potestades normativa e tributaria recoñecidas pola lexislación vixente ao Consorcio de Augas de Valdeorras, e no exercicio das facultades delegadas por acordo do Pleno de Concello do Barco de Valdeorras, do 19 de novembro de 2012, de conformidade co disposto nos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 20.4 apartado r) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### **Artigo 1 bis. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación das taxas do servizo municipal delegado de rede de sumidoiros do Barco de Valdeorras.

Non obstante o anterior, a regulación contida nesta ordenanza respecto das taxas de execución de acometidas domiciliarias de rede de sumidoiros, execución de acometidas conxuntas de abastecemento e sumidoiros será igualmente de aplicación no resto de municipios integrantes do Consorcio de Augas de Valdeorras, nos supostos nos que os

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

concellos deleguen no consorcio a prestación dos servizos aos que corresponden as ditas taxas e o establecemento e ordenación destas últimas.

As taxas polo servizo de limpeza de rede de sumidoiros ou fosas sépticas que non formen parte da rede do Consorcio serán de aplicación no ámbito da comarca de Valdeorras.

### **Artigo 2. Relación das taxas do servizo de sumidoiros. Definición do feito imponible en cada taxa**

Establécense as seguintes taxas respecto das diversas prestacións que comprende o servizo de rede de sumidoiros:

a) Taxa xeral de sumidoiros: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de rede de sumidoiros, comprendendo a evacuación das augas residuais de vivendas, locais comerciais e industriais ou dedicados a outros usos, a través das redes de titularidade municipal.

b) Taxa por execución de acometidas domiciliarias de rede de sumidoiros: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de execución das acometidas de rede de sumidoiros e conexión ao servizo.

c) Taxa por execución de acometidas conxuntas de abastecemento e saneamento: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de execución conxunta das acometidas de abastecemento e saneamento e conexión aos respectivos servizos.

Esta taxa aplicarase en todos os supostos nos que, polas características do inmovible, sexa posible a execución conxunta, nunha mesma gabia, das acometidas dos dous servizos.

d) Taxa polo servizo de limpeza de rede de sumidoiros ou fosas sépticas que non formen parte da rede do consorcio: constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de limpeza de rede de sumidoiros que non formen parte da rede xestionada polo consorcio, así como a limpeza e baleirado de fosas sépticas cuxa xestión non corresponda ao consorcio. Esta taxa non inclúe o servizo de tratamento de lodos, pero os lodos retirados polo consorcio serán tratados exclusivamente nas infraestruturas de depuración do consorcio, devindicándose a correspondente taxa de tratamento, regulada na súa ordenanza fiscal específica. Polo exposto, a solicitude deste servizo deberá realizarse sempre de forma conxunta coa do servizo de tratamento dos lodos retirados.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

Ao abeiro do disposto nos artigos 20.1.B).a) e 20.4.t) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, declárase obrigatoria, para os usuarios do servizo de rede de sumidoiros, a recepción dos servizos a que se refiren os apartados b) e c).

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza fiscal, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen os bens inmobles aos que se preste o servizo.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas e locais aos que se preste o servizo, que poderán repercutir as cotas nos respectivos beneficiarios.

Para estes efectos, cando existan contribuíntes que non teñan a condición de propietarios, a Administración tributaria só formulará liquidación a estes contribuíntes se os propios interesados lle comunican de xeito fidedigno esta circunstancia antes da aprobación dos padróns fiscais correspondentes. En caso contrario, a taxa liquidaráselle ao substituto do contribuínte.

No caso do servizo de limpeza de sumidoiros e fosas sépticas non integradas na rede do consorcio, serán suxeitos pasivos da taxa as persoas, titulares dos sumidoiros ou das fosas, ou dos inmobles aos que estes dean servizo, que soliciten a realización da limpeza.

### **Artigo 4.- Devindicación**

1. A taxa devindicarase, nacendo a obriga de contribuír, cando se produza a alta no servizo de saneamento, e, igualmente, cando, sen terse producido esa alta, se reciba materialmente o servizo, sen prexuízo das responsabilidades a que poida dar lugar a súa recepción irregular.

2. A alta no servizo producirase a instancia de parte, mediante resolución da administración xestora do servizo conforme coa ordenación que se estableza.

3. As taxas por execución de acometidas devindicaranse no momento da solicitude. Non se procederá á execución da obra sen o previo aboamento da taxa.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

4. A taxa por limpeza de rede de sumidoiros ou fosas devindicarase coa solicitude do servizo. Non se procederá á súa prestación sen o aboamento previo da taxa.

### **Artigo 5.- Cota tributaria**

1. A cota tributaria da taxa de rede de sumidoiros estará integrada polas seguintes tarifas:

a) Tarifas dos usuarios que o sexan tamén do servizo de abastecemento:

Consumo doméstico: tarifa fixa de 2,81 €/trimestre + tarifa variable de 0,201340 €/trimestre.

Consumo comercial: tarifa fixa de 4,84 €/trimestre + tarifa variable de 0,282865 €/trimestre.

Consumo industrial: tarifa fixa de 7,25 €/trimestre + tarifa variable de 0,402680 €/trimestre.

b) Tarifas dos usuarios que non dispoñan de servizo municipal de abastecemento:

Consumo doméstico: 9,85 €/trimestre.

Consumo comercial: 20,66 €/trimestre.

Consumo industrial: 23,07 €/trimestre.

No suposto das tarifas de usuarios que non dispoñan de servizo municipal de abastecemento, a tarifa ten carácter fixo, ante a imposibilidade de calcular o volume de auga vertido, establecéndose a dita tarifa fixa en función da estimación de consumo medio para cada tipo de usuario.

c) Tarifa da taxa de acometidas de saneamento:

c.1) Acometida de saneamento con escavación e sen reposición de pavimentos, arquetas nin pozos de rexistro:

- Ata 160 mm de diámetro e 3 ml de lonxitude: 308,10 €, e 81,14 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml.

- Ata 250 mm de diámetro e 3 ml de lonxitude: 344,40 €, e 85,17 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

c.2) Reposición de pavimento por execución de acometida de saneamento:

- Reposición de pavimento: 76,02 €/ml.

c.3) Execución de arqueta de rexistro para acometida de saneamento:

- Arqueta de rexistro: 239,22 €/ud.

c.4) Execución de pozo de rexistro para acometida de saneamento:

- Pozo de rexistro: 360,22 €/ud.

d) Tarifa da taxa de acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

d.1) Acometida conxunta de abastecemento e saneamento con escavación e sen reposición, arquetas nin pozos de rexistro:

- Ata 160 mm de diámetro (saneamento) 1 polgada de diámetro (abastecemento) e 3 ml de lonxitude (ambas as redes): 540,80 €, e 113,56 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml en calquera das dúas redes ou en ambas as dúas.

- Ata 250 mm de diámetro (saneamento) 2 polgadas de diámetro (abastecemento) e 3 ml de lonxitude (ambas as redes): 637,60 €, e 119,61 € por cada ml adicional ou fracción ata 6 ml en calquera das dúas redes ou en ambas as dúas.

d.2) Reposición de pavimentos por execución de acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Execución de pavimento: 76,02 €/ml.

d.3) Arqueta de rexistro para abastecemento ou saneamento en acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Execución de arqueta: 239,22 €/ud.

d.4) Pozo de rexistro para saneamento en acometida conxunta de abastecemento e saneamento:

- Execución de pozo de rexistro: 360,22 €/ud.

e) Tarifas da taxa por limpeza de rede de sumidoiros e fosas sépticas:

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

e.1) Limpeza de rede de sumidoiros con máquina en horario laboral (8.00 a 15.00 horas, de luns a venres): 67,01 €/ hora.

e.2) Limpeza de sumidoiros con máquina fóra de horario laboral ou en sábado ou festivo: 100,51/ hora.

e.3) Limpeza de rede de sumidoiros ou fosas sépticas con camión succionador impulsor en horario laboral (8.00 a 15.00 horas, de luns a venres): 100,50€/ hora.

e.4) Limpeza de sumidoiros ou fosas sépticas con camión succionador impulsor fóra de horario laboral ou en sábado ou festivo: 150,74 €/ hora.

2. Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

### **Artigo 6.- Normas de xestión tributaria**

1. As taxas xestionaraas de oficio a Administración tributaria, a partir dun padrón que se formará trimestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito impositivo do que a administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a Administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ao que se presta o servizo.

c) Data de devindicación da taxa e período impositivo.

d) Cota tributaria líquida, determinada polas tarifas aplicables conforme coa presente ordenanza.

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

2. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello do Barco de Valdeorras, quedando exposto durante un prazo dun mes

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

contado a partir da publicación no boletín. As modificacións, altas e baixas que se produzan ao longo do exercicio tributario incorporaranse ao padrón mediante resolución do órgano competente da Administración tributaria, que será obxecto de notificación individualizada aos interesados, sen prexuízo da súa publicación. No suposto de interesados que sexan incluídos por primeira vez no padrón, procederase ademais á notificación individualizada da súa inclusión, cos datos da liquidación correspondente.

3. Os interesados terán a obriga de comunicarlle á Administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modificar os datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunicar os cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola Administración tributaria.

4. A facturación da taxa realizarase mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón.

5. Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a facturación realizarase directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que o soliciten conxuntamente o propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexitima o uso ou ocupación.

b) Que o sistema de pagamento sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a facturación realizarase ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pagamento en período voluntario polo contribuínte, a administración tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluindo ao contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos da data da modificación.

5 bis. As taxas polos servizos de execución de acometidas esixiranse en réxime de autoliquidación. Sen o previo aboamento da taxa non se procederá á prestación do servizo.

## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

As taxas polos servizos de limpeza de rede de sumidoiros e fosas esixiranse en réxime de liquidación. Para tal efecto, unha vez recibida a solicitude do interesado, formularán unha liquidación provisional os servizos do consorcio, sobre a base dunha estimación do número de horas precisas para a realización da limpeza. A liquidación provisional seralle comunicada ao interesado, que deberá proceder ao depósito do seu importe a favor do consorcio. Unha vez realizada a prestación do servizo, procederase á liquidación definitiva, que lle será notificada ao interesado, facéndose efectiva automaticamente contra o depósito realizado, sen prexuízo da devolución do exceso ou do requirimento de pago do defecto respecto da cantidade definitivamente liquidada, de ser o caso.

Non obstante o anterior, no suposto en que o solicitante dos servizos sexa un concello integrante do consorcio, estará exento da constitución do depósito previo, debendo aboar a liquidación definitiva unha vez notificada.

6. O pagamento das taxas por rede de sumidoiros realizarase exclusivamente mediante domiciliación bancaria. Para tal efecto, nos recibos incluírase o correspondente documento de domiciliación.

7. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de notificación de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

8. A facturación desta taxa poderá realizarse de forma conxunta coa das taxas polos servizos de abastecemento de auga, conservación e mantemento de contadores e recollida de residuos sólidos urbanos.

9. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerase polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

### **Disposición adicional**

Para os efectos desta ordenanza entenderase por Administración tributaria e por Administración xestora do servizo a que, en cada momento, exerza as competencias correspondentes, sexa como competencias propias ou por delegación.



## **CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS**

### **Disposición final**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e que transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA: para facer constar que o presente documento recolle o texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación delegada do servizo de rede de sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras, conforme foi publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 129, do luns, 6 de xuño de 2016.